



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: [correo@boimorto.es](mailto:correo@boimorto.es)

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: [www.concelloboimorto.es](http://www.concelloboimorto.es)

CONCELLO DE BOIMORTO REGISTRO XERAL	
18/11/2016	
ENTRADA Núm. —	SAÍDA Núm. 2305

### PUBLICACIÓN NOTIFICACIÓN

**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).**

**CERTIFICO:**

Que a Alcaldesa con data dezaioito de novembro de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

**Decreto: 530 / 2016**

**Data decreto: 18/11/2016**

**Descrición decreto:** Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso de selección de persoal laboral temporal dun/ha director/a da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.

**DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

Finalizado o prazo de presentación de alegacións para tomar parte no proceso selectivo dun/ha director/a da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto, aprobado por decreto desta alcaldía núm. 465 de data 18/10/2016.

Vistas as alegacións presentadas pola aspirante M<sup>a</sup> Angeles Candal Martinez con DNI 71510188Z con rexistros de entrada neste Concello núm. 2619 de data 16/11/2016 e núm. 2622 de data 17/11/2016 contra a súa exclusión da lista provisional por non presentación do título requerido.

Vista a consulta realizada polo Concello de Boimorto ( correo electrónico secretaria intervención de data 17/11/2016) á Xefatura Sección de Títulos da Universidade de Santiago de Compostela en relación con ditas alegacións, e cuxa resposta se reproduce literalmente a continuación:

*“ O Diploma de Xestión de Empresas Hosteleiras, é un título propio da Universidade de Santiago pero NON equivale a ningún título oficial.*

*Considéranse títulos universitarios os títulos oficiais, aprobados polo Consello de Ministros, publicados no BOE e expedidos polas universidades. Están sometidos a procesos de verificación e acreditación exhaustivos e as materias son impartidas por profesorado universitario. Estes títulos teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.*

*Os títulos propios apróbannos os Consellos de Goberno das universidades, e non están sometidos aos procesos que se requiren para os títulos oficiais. Poden ser impartidos por profesorado non universitario e non teñen carácter oficial.*

*O Diploma de Xestión de Empresas Hosteleras, é un título propio da Universidade de Santiago, impartido no Centro Superior de Hostelería de Galicia que constitúe un elemento*



*importante no proceso de formación de profesionais no sector de hostelería, pero na actualidade NON se contemplan no sistema de estudos conducentes á obtención dun título oficial homologado na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*O Diploma de Xestión de Empresas Hosteleras NON é equivalente, en ningún caso, aos títulos oficiais de:*

*Licenciado ou Graduado en Económicas*

*Licenciado, Graduado ou Diplomado en Ciencias Empresariais*

*Licenciado ou Graduado en Dereito”*

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar as alegacións presentadas pola aspirante M<sup>a</sup> Angeles Candal Martinez con DNI 71510188Z con motivación ( artigo 35 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) no contido integro da resposta da Xefatura Sección de Títulos da Universidade de Santiago de Compostela que consta nos considerandos deste decreto.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución á interesada.

**TERCEIRO.-** Aproba-la seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

<b>DIRECTOR/A DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
<b>ADMITIDOS/AS</b>	
BLANCO PERAL MARIA LUISA	35302494R
BOADO VAZQUEZ MARIA ANGELES	32801788Q
CARREIRA VIDAL JUAN	46909728D
CORDIDO MENDEZ PAMELA	79336059C
LAMAS MARTINEZ MARIA BEGOÑA	34895468Y
MODIA ARES NOELIA	44848763M
MOSTEIRO MONTERROSO SILVIA	78804844J
<b>EXCLUÍDOS/AS</b>	
LÓPEZ FORNEAS NATALIA	33340292K ( Motivo: Non presentación do título requerido)
CANDAL MARTÍNEZ MARIA ANGELES	71510188Z ( Motivo: Non presentación do título requerido)

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador para a valoración de méritos e realización da oposición para o mércores día 23 de novembro ás 10:00 horas na Casa Consistorial do Concello de Boimorto.

**QUINTO.-** Convocar aos aspirantes para a realización da oposición (proba selectiva) para o mércores día 23 de novembro ás 11:00 horas na Casa Consistorial do Concello de Boimorto.

**SEXTO.-** Publicar certificación deste decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez en Boimorto dezaioito de novembro de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 18 de novembro de 2016

V<sup>o</sup> Pr.  
A Alcaldesa



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

